



# ÁRBORE DE LIBROS

## CONCURSO LITERARIO

O Equipo de Dinamización da Biblioteca, co gallo do Día do Libro, organiza un concurso literario para o que seleccionou frases iniciais ou moi significativas de importantes obras da Literatura universal nos distintos xéneros (narrativa, lírica e dramática) de distintas linguas (latín, galego, castelán, francés e inglés)

### **BASES:**

- 1. Poderán participar todos os alumnos do instituto.**
- 2. Deberán emparellar adecuadamente os textos literarios coa obra e co autor correspondente.**
- 3. Textos literarios e respostas están expostos na ÁRBORE DOS LIBROS e nos taboleiros do corredor da planta baixa (fronte ao ximnasio) así como na páxina web do Instituto.**
- 4. Rexistrarán as súas respostas nos impresos habilitados a tal fin, indicando tan só o número do texto e o número da resposta correcta.**
- 5. O prazo de participación rematará o venres, día 10 de maio, ás 14:00 horas.**



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Avda. de Madrid, 75  
27002 – Lugo  
Tfno. 982 221 212 - Fax 982 250 499  
ies.asmercedes@edu.xunta.es  
www.iesasmercedes.com

- 6. Os impresos coas respostas entregaranse na Biblioteca do Centro.**
- 7. Gañarán os que presenten o maior número de respostas correctas.**
- 8. O Xurado, composto polos membros do Equipo de Dinamización da Biblioteca, concederá tres premios:**
  - 1º PREMIO: 100 €** en material bibliográfico ou informático.
  - 2º PREMIO: 60 €** en material bibliográfico ou informático.
  - 3º PREMIO: 30 €** en material bibliográfico ou informático.
- 9. Os premios entregaranse o día 17 de maio, día das Letras Galegas.**
- 10. Os participantes, polo feito de selo, deberán acatar todas as normas do concurso.**

**En Lugo, a 22 de abril de 2013**

**EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA**